

## Marcenaro

Meus amigos, oimais quero dizer  
a quantos me veeren preguntar  
qual est' a dona que me faz morrer,  
ca non ei ja porque o recear,  
e saberan qual dona quero ben; 5  
direia ja, ca sei que nulha ren  
non ei por én, mais ca perç' a perder.

¿E que máis ei de que perç' a perder?  
O corpo perç' , e, quant' é meu cuidar,  
non á i máis , nen posso máis saber, 10  
nen moor perda non poss' eu osmar;  
mai- la dona por que eu moiro, ben  
lhi faz Deus tanto, quant' eu ja per ren  
nunca direi, nen o seu parecer.

Ca tanto a fez Deus ben parecer 15  
sobr' outras donas, e melhor falar  
sobre quantas eu ja pudi veer,  
que direi máis, e pes a quien pesar:  
mui mái-la fez valer en todo ben,  
ca lhi fez El que lhi non mingua ren 20  
de quanto ben dona deva aver.

- letto 356 volte